

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/16	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de OUTUBRO de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 20:45 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

**Favorable**

**Tipo de votación**

Apróbanse por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada con data do 31.08.2023.

### Introdución na orde do día do asunto por urxencia (xustificación da urxencia).

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

O Sr. González indica que o goberno vese na obriga de introducir un punto de urxencia que en primeiro lugar debemos xustificar á mesma e posteriormente debater a mesma. Procede a determinar a urxencia que consiste en delegar a xestión do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica na Deputación da Coruña e a urxencia ven dada porque coincidiu que tiña que estar debidamente informada pola área de Intervención e coincidiu cun cambio nesta área que imposibilitou que se asinaran os correspondentes informes. Por outra banda, para que entre en vigor o ano que ven ten que estar aprobado a 31 de decembro deste ano. Polo tanto, tiñamos que aprobalo antes do día 31 si o si e ademais tiña que estar exposto ao público e ser publicado no BOP durante 30 días e polo que non chegaríamos. Isto é polo que se xustifica a urxencia e reitero as desculpas por este procedemento pero vímonos na obriga por telo aprobado antes do final de ano.

Toma a palabra o Sr. Calo voceiro do PP que indica que isto demostra un descontrol e unha falta de transparencia deste goberno que se nos convoque a un pleno baldeiro de contido e que agora se nos presente de urxencia un punto ao que non tivemos acceso á documentación para determinar e poder estudar o asunto. Para nós a urxencia dun tema que se leva facendo igual os últimos catro anos e que agora a urxencia sexa dun día para outro queda bastante en entre dito. Simplemente iso.



## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 votos en contra

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

Apróbase por maioría absoluta a introdución na orde do día do punto relativo á delegación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica por parte do Concello á Deputación da Coruña.

### 3. Expediente 691/2023. Colaboración e Delegación da Xestión Recadatoria.

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

O Sr. González indica que o que se vai a debater é a delegación á Deputación do IVTM que ata agora se realizaba polo concello e cremos que é máis eficiente e eficaz dende o punto de vista local que se transfira esta xestión á Deputación como se fai con outros impostos. O motivo de por que se fai agora é porque a Deputación comunícanos que a partir de 2024 non se prestará o servizo que ten que ver co programa que se utilizaba para xestionalo no concello e deixase de prover o mesmo o cal implica que teríamos que facernos con outro programa. Avaliando tamén como se xestiona este imposto cremos que é máis favorable para o Concello que asuma a xestión a Deputación porque vai supor un aforro económico porque ten que ver co salario dunha persoa que estaba adicado case en exclusiva a este imposto e o custe do programa informático.

Por outra banda tiñamos outra problemática, dadas as capacidades limitadas do Concello a capacidade en cobro de executiva ao concello lle custaba reclamálos e era moi custoso o que supoñía unha merma de recursos para o Concello. Polo tanto, o custe vai ser sobre 18.000€ que é inferior ao que nos custaba agora e en executiva vaise poder cobrar, xa que, a Deputación ten máis recursos que o Concello. O que pretendemos é que a veciñanza non se vexa prexudicado. E atendendo ao criterio do informado polos servizos de Tesourería vemos axeitado delegas a xestión deste tributo.



Toma a palabra o Sr. Calo que indica que reiteran que co tempo que tiñan é imposible ver nada, que non se lles facilitou documentación para o estudo e en calquera caso vostede está expoñendo a urxencia e a motivación pero creo que os veciños deberían de saber o custo que supón iso para os veciños porque non o mencionou en ningún momento. Cremos que deberían de dicir o custe do mesmo para o coñecemento dos veciños e veciñas.

Toma a palabra o Sr. González que indica que xa mencionaron o custe que esta estimado en 18.000€ que é o 5% da recadación do tributo, ese é o custe pero aforramos noutros que xa citei con anterioridade con relación ao persoal así como ao programa informático. E con relación ao custe explícase no informe emitido pola Tesourería.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Que se proceda a subscribir de xeito provisional o texto inicial de delegación de competencias do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) coa Deputación da Coruña co seguinte contido:

“**PRIMEIRO.-** A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa, as competencias en materia tributaria de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, agás que o impidan compromisos ineludibles adquiridos con anterioridade polo Concello ou este xestione o tributo directamente e non desexe delegalo, mediante a adhesión particular e expresa do concello titular dos mesmos ás Bases publicadas con data 03.11.2021 n.º BOP 209.

**SEGUNDO.-** A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias en cada caso. En particular, será



competencia da Deputación o exercicio das seguintes funcións:

- 1) Tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e fraccionamentos de pago.
- 2) Declaración de insolvencias e de créditos incobrables.
- 3) Representación dos concellos nos procedementos concursais nos que resulte afectado algún expediente executivo.

**TERCEIRO.-** Os concellos poderán avocar para eles, mediante comunicación escrita e razoada dirixida á Deputación, a tramitación de determinados expedientes recadatorios en curso, debido a circunstancias tales como a repercusión económica ou social que a súa execución poida ter no municipio. Neste suposto, a Deputación formulará baixa das liquidacións afectadas e quedará exenta de calquera responsabilidade que puidese producirse no futuro con respecto ás mesmas. Ditas liquidacións non poderán ser cargadas de novo á Deputación para continuación do procedemento.

**CUARTO.-** De conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 da Lei reguladora das facendas locais, e co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas á Deputación, os concellos deberán prestar a esta a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pago ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.
- Por ao dispor dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven. □ A exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.
- Informar dentro do prazo, nos expedientes de solicitude de aprazamento ou fraccionamento de pago e noutros en que se lles solicite.

Os concellos ou outros entes locais poderán formalizar convenios coa Deputación provincial co fin de colaborar con esta na inspección do imposto sobre actividades económicas e de calquera outro tributo ou ingreso de dereito público nos que o ente local asuma entre outras funcións as de:



1) Colaborar, mediante traballos desenvolvidos por funcionario público, na realización de visitas de inspección tributaria e emisión de informes de tipo técnico, nas actuacións que o esixan, nos expedientes tramitados no marco do convenio de colaboración e sempre dentro das súas competencias, podendo desenvolver as tarefas non reservadas legalmente aos funcionarios mediante os contratos de servizos previstos na lexislación de contratos do sector público.

2) Estas funcións consistirán, ente outras, en propoñer actuacións á Deputación, recollida de documentación e información aos obrigados tributarios, control dos requirimentos non atendidos ou atendidos dun xeito incompleto ou incorrecto, actuacións no local onde se desenvolve a actividade, elaboración de modelos e realización de tarefas administrativas, informáticas, etc., baixo a dirección da Unidade de inspección da Deputación ou do servizo provincial que corresponda.

**QUINTO.-** No primeiro semestre do exercicio seguinte, a Deputación enviará aos concellos os estados demostrativos da xestión recadatoria do exercicio anterior, para a súa conformidade ou reparos. A facturación e xustificantes que dan orixe aos estados demostrativos será posta ao dispor dos concellos para o seu exame nas oficinas centrais do Servizo de Recadación, dado o elevado volume da documentación; no entanto, a solicitude do concello interesado, poderanse facilitar copias en casos concretos. Tamén se fará chegar anualmente aos concellos, ademais dos padróns dos impostos cuxa xestión estea delegada na Deputación, unha listaxe comprensiva das liquidacións de contraído previo e ingreso directo e de contraído simultáneo e das anulacións de liquidacións aprobadas. A Deputación establecerá un procedemento informático que permita aos concellos que deleguen competencias tributarias facer un seguimento global da xestión que realicen os distintos servizos tributarios da Deputación, así como o acceso ás bases de datos dos devanditos servizos para obter a información individualizada que cada concello precise para o exercicio das súas funcións, todo iso dentro do marco definido pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, das normas xerais que a desenvolvan e da normativa específica que no seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

**SEXTO.-** As taxas a abonar polos concellos que deleguen competencias serán recollidas na Ordenanza fiscal número 5 da Deputación. O seu importe non poderá superar os seguintes límites:

- O 5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- O 75% do importe das recargas de prema recadadas en período executivo.
- O 50% do importe das sancións que se deriven da xestión e inspección da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo,



subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións e interese xeral, recadadas en período voluntario e executivo. No caso de que devanditos importes fosen recadados en período executivo, cobrarase tamén o 75% das recargas do período executivo recadadas.

**SÉTIMO.-** A Deputación realizará entregas mensuais a conta da recadación de cada exercicio dos tributos comprendidos no contido mínimo da delegación, así como da taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos a aqueles concellos que deleguen a súa recadación.

O importe das entregas a conta será do 98% da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón estimada para o exercicio polos tributos arriba mencionados, repartido en once mensualidades. Para o cálculo da recadación estimada teranse en conta as circunstancias particulares de cada concello e concepto. No caso de que a Deputación tivese que realizar operacións de tesourería para atender ao pago das devanditas entregas a conta, estarase ao disposto no artigo 149.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**OITAVO.-** Da recadación en período voluntario por liquidacións de contraído previo e ingreso directo, liquidacións de contraído simultáneo e autoliquidacións practícaranse liquidacións provisionais de periodicidade trimestral. Coa mesma periodicidade, practícaranse liquidacións provisionais da recadación en período executivo.

**NOVENO.-** 1. No mes de decembro, unha vez formalizados os ingresos en período voluntario procedentes das liquidacións de notificación colectiva, procederase a practicar un anticipo da liquidación anual.

2. No primeiro trimestre do exercicio seguinte, practícarase a liquidación anual e definitiva do exercicio anterior. O importe a entregar a cada concello calcularase deducindo da recadación íntegra os seguintes importes:

- Entregas a conta, liquidacións provisionais e anticipo da liquidación definitiva. □
- Devolucións de ingresos indebidos.
- Taxas por prestación dos servizos obxecto destas Bases.
- Outros importes que procedan, relacionados coas competencias delegadas, debidamente xustificadas.

Se a algún concello lle resultase unha liquidación definitiva con importe negativo,



practicaráselle deducións nas posteriores entregas mensuais e anticipos da recadación.

**DÉCIMO.**- A delegación polos concellos de competencias en materia tributaria na Deputación Provincial da Coruña que se regula nestas Bases entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002 e terá un período de vixencia de 10 anos, contados a partir de dita data. No caso de que posteriormente algún concello acorde a súa adhesión ás presentes Bases, o período de vixencia da delegación de competencias será igualmente de 10 anos, contados a partir da data de formalización do acordo e ata o 31 de decembro do ano no que se cumpra o dito período de vixencia.

Este prazo inicial de delegación poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais, se ningunha das partes comunica á outra, cun mínimo dun ano de antelación ao seu vencemento, o seu desexo de deixar sen efecto a delegación, o que deberá formalizarse polo mesmo órgano e procedemento que levou a cabo a delegación.

Nos casos daqueles concellos que, na mencionada data do 1 de xaneiro de 2002 tivesen aínda en vigor convenios de delegación de competencias en materia tributaria coa Deputación e non acepten as presentes Bases, seguiranse aplicando os ditos convenios, nos seus propios termos, ata a súa finalización.

No caso daqueles concellos que durante a vixencia das presentes Bases, acorden un novo período de delegación de dez anos contados a partir do fin da vixencia das mesmas, deberán acordar esta modificación cos mesmos trámites e procedemento establecido Base novena.

Cando dito acordo de delegación sexa definitivo e, por tanto, estean cumpridos todos os trámites establecidos na devandita base novena, farase efectivo a partir do mes seguinte con relación ao concello ou concellos que así o acorden, o previsto na Base sétima no canto a que a porcentaxe das entregas a conta pasará do 80% ao 90% da recadación estimada de acordo cos criterios da dita Base.

A delegación da liquidación, recadación e revisión tanto en período voluntario como en período executivo dos ingresos de Dereito Público resultantes da delegación do control financeiro dos concellos e a correspondente instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados destes estará vixente mentres o estea a dita delegación do control financeiro na Deputación e en tanto non se culminen os procedementos de recadación afectados.





**DÉCIMO PRIMEIRA.-** O procedemento para formalizar a delegación na Deputación as competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

- 1) Acordo provisional de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do concello delegante.
- 2) Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abrindo un prazo mínimo de 30 días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.
- 3) Acordo adoptado polo Pleno do Concello delegante, resolvendo as alegacións recibidas ou elevando a definitivo o acordo provisional se non houberse ningunha.
- 4) Traslado do acordo definitivo da delegación á Deputación, mediante certificación expedida polo secretario do concello delegante.
- 5) Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aceptando a delegación se o acordo municipal axústase ás presentes Bases.
- 6) Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7.2 da Lei reguladora das facendas locais.

Os acordos municipal de adhesión e provincial de aceptación da delegación deberán estar definitivamente aprobados antes do 1 de xaneiro de 2002 ou, no seu caso, do exercicio en que deba entrar en vigor a mesma, para posibilitar así a elaboración pola Deputación dos padróns dos tributos que se recadan por ese sistema”.

**TERCEIRO.** Que se someta o texto inicial a información pública mediante anuncio publicado en o Boletín Oficial da Provincia e o taboleiro de edictos da Entidade, aos efectos que se produzan as alegacións que se estimen pertinentes polo prazo de 30 días hábiles.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta Entidade [<http://outes.sedelectronica.gal>].

**CUARTO.** Que, no seu caso, os Servizos Técnicos informen sobre as alegacións presentadas.

**QUINTO.** Que, no seu caso tras o informe técnico, remítase a tesouraría para a emisión do informe-proposta.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**



## **PREGUNTAS**

### **- DO PLENO ANTERIOR:**

#### **• Do PP:**

**PREGUNTA 1.** ¿Cantas facturas con data de rexistro de entrada no Concello anterior ao 15 de outubro están a día de hoxe sen pagar aos seus acredores e a que importe ascende o conxunto delas? A esta pregunta presentouse aclaración que indica que con respecto á pregunta ao Pleno Ordinario a celebrar o día 26 de outubro de 2023, que foi enviada por rexistro electrónico o día 23 de outubro (nº 2023-E-RE-1271), quixéramos aclarar, por se houbera algunha dúbida ao respecto, que cando nos referimos ao "rexistro de entrada no Concello", isto engloba tamén as facturas recibidas a través da plataforma FACE, entendendo como día de entrada a data de entrada da factura na dita plataforma.

Responde o Sr. González que indica que entendían o sentido da pregunta, en primeiro lugar imos a distinguir entre as facturas do subministro da luz e o resto. Isto facémolo así porque para empezar temos 1.200 facturas de subministro eléctrico que están pendentes por un valor de 311.000€ e están pendentes porque como ben saben dende hai uns meses estamos a facer unha auditoría sobre a subministración eléctrica e desa auditoría, do que tamén derivou a licitación deste servizo, é que había unha facturación irregular por parte da comercializadora e é algo que está pasando en varios Concellos. É un problema grave e decidimos non pagalas ata que exista unha clarificación destas cuestións. E o resto de facturas son 157 facturas por un importe de 402.999,53 € eses son os importes polos que preguntaban.

Toma a palabra a Sra. Molinos que preguntase se o PP pode dar por boas as cifras que acaba de dar o Sr. González porque en ocasións anteriores ante preguntas similares. Este ano fixemos unha pregunta similar e dixeron que tiña 430.000 € en facturas sen falar do ano 2022 e en dous recoñecementos extraxudiciais de crédito que levamos esas facturas aumentaron nun recoñecemento uns 50.000€ e noutro en 70.000 algo de €. e o que nos dixo foi que as persoas encargadas non lle deron ben os datos. Esperamos que desta vez non suceda o mesmo e que estas 157 facturas ademais das da enerxía sexa realmente o que está a deber o concello neste momento. En canto ás facturas da enerxía eléctrica decidiron non pagar e nós preguntámonos se isto ten algunha repercusión. E con relación ás outras facturas sabemos que hai xente que está agardando a cobrar dende principios de ano. Non



sabemos se isto de non pagar as facturas en tempo e forma, o que están facendo, que esas facturas teñen empresas e persoas que fixeron o seu traballo e que empregaron o seu tempo, os seus recursos e os seus cartos en cumprir o solicitado por vostedes e agora non son capaces de pagarlles en tempo e forma. Moitos deles son veciños e aínda así é capaz de ter esas facturas sen darlle curso. Non podemos entender esta deixadez no pago das facturas.

Matiza o Sr. González que non é certo que esas 157 facturas estean pagadas fora de prazo, vostedes preguntaron polas facturas anteriores ao 15 de outubro e hai facturas que estamos en prazo para pagalas. Non depende estritamente do goberno local o pago destas facturas e cos trámites a facer e coa área encargada de facelo non estamos pagando ao ritmo que nos gustaría pero agardamos que se solvente o antes posible, xa que, tamén ten que ver co cambio en Intervención este último mes.

**PREGUNTA 2.** O pasado día 5 de abril, o Sr. Alcalde ditou unha Resolución na que declaraba deserto o procedemento de licitación da obra "Humanización da Rúa Doctor Esperante e outro". Dende aquela non soubemos nada máis sobre o asunto, polo que lle preguntamos ao Goberno:

¿En que situación está este expediente?

¿Cal é a previsión que teñen para que se comence a executar esa obra?

Responde o Sr. González que esta licitación quedou deserta e fixo que tiveramos que retomar a licitación doutra maneira, o expediente está en marcha e agardamos que se publique proximamente na PLACE, aínda que nesta volta será mediante un procedemento negociado sen publicidade e agardamos que no primeiro trimestre de 2024.

**PREGUNTA 3.** Queremos saber cal vai ser o custo total da "VI Mostra Mares Fin do Mundo" e que parte deste custo vai ser asumido polo Concello de Outes.

Responde o Sr. Núñez Concelleiro de Cultura que indica que neste ano a Mostra ten unha particularidade, xa que existe unha asociación que é a que promove a actividade polo que a achega do Concello é de 12.000€. Pregunta o Sr. Calo que asociación é ao que o Sr. Núñez resposta Asociación Mares fin do Mundo, unha asociación feita para levar adiante a mostra anual.

**PREGUNTA 4.** Que o Goberno anterior era o menos transparente e o mais arrogante, non o dicíamos nos, daquela dicíano os que hoxe son os seus socios, os mesmos que tamén dixeron que viñan para cambiar eso, e máis tamén para outras



cousas, tales como empezar a pagar as facturas aos provedores en tempo e forma. Semella que foi chegar ao sillón e deixar de importarlles eso da transparencia, porque díganos se é transparencia que o día 6 de agosto de 2023 o Grupo Municipal do Partido Popular solicitara por rexistro de entrada unha información económica sobre os soldos, incluíndo a seguridade social a cargo do Concello, dos órganos de Goberno, e que a día de hoxe aínda esteamos esperando por ela. Polo que a nosa pregunta é a seguinte: ¿Cando se nos vai facilitar esta información?

Responde o Sr. González que indica que a información foi solicitada a área de Intervención e espera que esta área o faga o antes posible pero evidentemente ten que realizar outras cousas moi importantes como xestionar o pago das facturas, entendo que queiran ter esa información o antes posible pero a verdade é que polo momento a interventora saínte non tivo o tempo para facer esas cuestións por outro traballo que tiña noutras cuestións.

**PREGUNTA 5.** A Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, o 16 de marzo do pasado ano publicou unha Resolución pola que se establecían as Bases Reguladoras de subvencións ás Entidades Locais para a promoción da igualdade. Con referencia ao antedito, a Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Outes unha subvención por valor de 18.000 € para ser aplicada na medida nomeada “Programa Outes Concilia”. O día 4 de maio deste ano, o Sr. Alcalde ditou unha Resolución, na que, ante un requirimento da Secretaría Xeral de Igualdade, devolvía á Xunta de Galicia a cantidade de 14.400 € da subvención concedida por non ter xustificado o gasto correspondente. As nosas preguntas con relación a este asunto son:

¿Cales foron os conceptos concretos que se subvencionaron?

¿Cales destes conceptos non foron xustificados?

¿Cal foi a razón pola que non se xustificaron, coa conseguinte perda de 14.400 € da subvención concedida?

Responde o Sr. González que indica que efectivamente o concello recibiu esa subvención citada e ao final recibiu 66.600€ porque tamén incluía o financiamento do CIM, unha actividade de promoción de igualdade e o financiamento do programa de Outes Concilia e o que sucedeu e que non podemos xustificar en tempo e forma esa actividade para o programa Outes Concilia aínda que se prestou o servizo, campamento de verán e madrugadores, e o motivo é que non foi posible emendar un erro na documentación enviada e tivemos que devolver esa subvención, aínda que en calquera caso o servizo foi prestado.



Pregunta a Sra. Molinos que falan dunha subvención maior para estes temas e nós só falamos desta subvención, da resolución do 7 de marzo de 2022 ao que se concede ao Concello de Outes 18.000 € nas dúas medidas da mesma. Cando lle preguntamos cales foron os conceptos concretos que se subvencionaron resposta vostede pediron para sufragar o campamento e servizo de madrugadores e fixérono en 21.697 € o gasto e a subvención eran 18.000 € e desa subvención non foron quen de xustificar 14.400 € e seguimos preguntando que é o que non foron quen de xustificar. A parecer polo que non se xustificou foi un erro na documentación, non lle parece que debería de dicir que erro foi ese? Cales foron os conceptos que realmente non puideron xustificar? Esta é a transparencia que promulga vostede continuamente?

Responde o Sr. González que reitera que a resolución do DOGA aparecen as outras dúas porque a convocatoria é a mesma e o que se deixou de xustificar foi o custe que tivo o programa Outes Concilia. E terceiro non se puido emendar en tempo e forma por un erro en concreto, esta é a resposta e se vostede a considera insuficiente sinto moito pero esta é a resposta que lle vou a dar.

**PREGUNTA 6.** Estamos finalizando o mes de Outubro e a día de hoxe, non vemos que houbera ningún movemento por parte do Goberno para aprobar a Conta Xeral do ano 2022, que segundo a Normativa ao respecto debería ser sometida a Informe da Comisión Especial de Contas antes do día 1 de xuño, ser sometida ao Pleno da Corporación para, no seu caso, ser aprobada antes do 1 de outubro e ser remitida, despois de ser aprobada, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia. Con arranxo a estas datas, dita xestión, a que está obrigado o Goberno Municipal, está fora prazo. As nosas preguntas ao respecto son as seguintes:

¿Cando van vostedes a cumprir coa súa obriga e seguir o proceso establecido para poder remitir a Conta Xeral do Ano 2022 aos Organismos correspondentes ?

¿A que foi debido que non se fixera esta xestión dentro do prazo establecido?

Responde o Sr. González que cando? O antes posible xa que o noso desexo é que sexa o antes posible e somos conscientes de que temos un problema e non o imos a agochar, tiñamos que ter presentada a Conta Xeral e feita a liquidación. Todo isto nos está xerando problemáticas. A que foi debido? A múltiples incidencias que lamentablemente estivo tendo nos últimos tempos a área de Intervención, xa que, dende logo quen informa a Conta Xeral é a interventora e sen ese informe non pode haber conta xeral. Lamentablemente polas múltiples incidencias non está presentada, agora mesmo estamos cunha interventora acumulada, o que significa que ven unhas horas polas tardes porque a interventora que estaba volveu ao seu destino.



Cales son as consecuencias? Sabemos que pode ter consecuencias e vamos a agardar que non se fagan realidade e sabemos que a petición dalgunhas subvencións depende diso e imos tratar de enmendar esta problemática o antes posible para que non teña consecuencia ningunha para o funcionamento normal do Concello.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que coas contestacións do Sr. Alcalde quédanlles sempre moi claro o seu desexo pero tamén os seus feitos que non fanas cousas en prazo. Efectivamente cando estabamos no goberno a Conta Xeral levaba intervención e levábase unha xestión adecuada e presentábase en tempo e forma sempre antes de que se terminase o prazo, nestes catro anos presentouse só nunha ocasión porque se ampliou o prazo polas consecuencias do COVID. O de que é cuestión de intervención é darlle a culpa sempre ao mesmo, que non teñen interventor e como lle recordei en outras ocasións cando estabamos no anterior goberno non había interventora tivemos unha interventora acumulada e sempre presentamos a Conta Xeral en tempo en forma. Agora teñen unha interventora acumulada que se acumula así mesma. As consecuencias que desexaba que non as houbera e non mencionou voullas a dicir eu, segundo o informe que fixo a Secretaria na anterior ano son: a imposibilidade de que as entidades locais poidan concorrer a procedementos de concesión de axudas de concesións públicas, o tribunal de contas poden poñer multas coercitivas aos responsables públicos que non rendan as contas, que é o goberno do Concello, pode impoñer sancións ao amparo da Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e que haxa unha retención na participación nos tributos do Estado de conformidade co establecido coa Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A vostede pode parecerlle poucas consecuencias e pode parecerlle pouco importante ou pode non querer nomealas ou desexar que nunca se dean estas consecuencias pero crea que nós tamén o desexamos. Pero crea que están ao non presentar a conta xeral isto é o que pode suceder e con desexar que non suceda igual non é suficiente para que non sexa realidade o que acabamos de mencionar.

### **ROGOS:**

- **Do PP:**

**ROGO 1.-** Segundo podemos observar no apartado de transparencia da páxina web do Concello non constan as actas por escrito dende o mes de novembro do ano pasado. Para poder desenrolar convenientemente a labor municipal e os veciños poidan acceder a elas rogámoslle ao Concello que lle de unha solución a este asunto.



**ROGO 2.-** Os veciños do Lugar de Brión de abaixo fixéronnos chegar unhas queixas relativas a que os alumnos do colexio non teñen un lugar axeitado para abrigarse cando están agardando o autobús escolar e polo tanto rogamos ao goberno que lle dea solución a esa problemática.

**ROGO 3.-** En Entíns debeu haber un accidente e a sinal de STOP non está no cruce, polo tanto, rogamos que lle dean unha solución a ese tema.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que atenderán eses rogos e que da por finalizada a sesión plenaria ordinaria do mes de outubro.

*Remata a sesión ás 20:45 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

